

Convocatoria da Comisión Informativa de Administración Provincial, Transparencia e Emerxencias para o día 19 de marzo de 2025.

De conformidade co acordado polo Pleno da Deputación Provincial na sesión do 22 de marzo de 2024, durante o mandato 2023-2027 a Comisión informativa de Administración Provincial, Transparencia e Emerxencias, debe realizar sesión ordinaria os mércores da semana anterior á realización do Pleno ordinario de cada mes.

Polo exposto, DISPOÑO:

Convocar a Comisión informativa de Administración Provincial, Transparencia e Emerxencias, en sesión **ordinaria**, para o **día 19 de marzo de 2025**, ás 16:30 horas, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa seguinte orde do día:

1. 2025/13K/CI NEGOCIADO DE SECRETARÍA XERAL

Aprobación da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 19 de febreiro de 2025.

2. 2025/3149Q PRESIDENCIA

Creación e adhesión da Deputación Provincial de Ourense a unha Agrupación Europea de Cooperación Territorial (AECT) denominada “Raia Seca y Gerês-Xurés”.

3. 2025/432Y PRESIDENCIA

Dación de conta da aprobación do Documento Estratéxico “Axenda Urbana Ourense SUR”.

4. 2025/432Y PRESIDENCIA

Dación de conta da aprobación do Plan de Actuación Integrado (P.A.I.) “OURENSE SUR” e solicitude de axuda no marco da convocatoria para a asignación de senda financeira FEDER a Plans de Actuación Integrados de entidades locais, no marco do desenvolvemento urbano sostible, con cargo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no período de programación 2021- 2027.

5. 2025/433F PRESIDENCIA

Dación de conta da aprobación do Documento Estratéxico “Diagnose e Plan de acción da Axenda Urbana do Barco de Valdeorras”.

6. 2025/433F PRESIDENCIA

Dación de conta da aprobación do Plan de Actuación Integrado (P.A.I.) “VALDEORRAS POLOS CAMIÑOS DO SIL” e solicitude de axuda no marco da convocatoria para a asignación de senda financeira FEDER a Plans de Actuación Integrados de entidades locais, no marco do desenvolvemento urbano sostible, con cargo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no período de programación 2021-2027.

7. MOCIÓNS DE URXENCIA.

8. ROGOS E PREGUNTAS.

Así o dispón e o asina a Presidencia da Comisión, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica deste documento. Dou fe.